

# XVIII CONCURSO DE SOLISTAS CURSO 2024/25



- O Conservatorio Profesional de Música da Coruña convoca o XVIII Concurso de Solistas. O obxecto da proba de selección é dar a posibilidade ao alumnado do conservatorio de tocar unha obra en concerto como solistas acompañados polas agrupacións do centro (Banda Xuvenil, Banda Sinfónica, Orquestra Xuvenil e Orquestra Sinfónica).
- O prazo de inscrición realizarase na secretaría do centro. Iniciarase o día 12 de decembro ata o 20 de decembro. A inscrición implica a aceptación das bases do concurso.
- Poderá participar o alumnado matriculado no Grao Profesional no presente curso 2024-25.
- Non poderán participar as persoas gañadoras do concurso de solistas do curso 2023/24.
- Os participantes solicitarán na inscrición as agrupacións ás que desexen presentarsecoa autorización do titor (máximo dúas), agás o alumnado de 5º e 6º curso que unicamente poderán inscribirse na Orquestra Sinfónica e na Banda Sinfónica.
- Para participar as persoas participantes deberán presentar un movemento da obra proposta. A duración aproximada será de dez minutos.
- O Concurso de Solistas constará de dúas fases.
- Na primeira fase, cada departamento escollerá internamente ao alumnado, que interpretará a obra con acompañamento de piano. Esta primeira proba realizarase entre os días 20 e 24 de xaneiro.
- Na fase final as persoas preseleccionadas polos departamentos concorrerán a unha proba na que se interpretará a obra proposta con acompañamento de piano. Esta segunda proba realizarase na semana do 27 de xaneiro, a concretar segundo o número de aspirantes. Os participantes deberán entregar ao tribunal tres copias da parte de piano da obra.
- Non se poderá presentar o mesmo repertorio para dúas agrupacións.
- Os tribunais da fase final estarán constituídos polo director do conservatorio ou persoa en quen delegue, directores das agrupacións e profesorado do centro. A decisión do tribunal será inapelable.
- Os tribunais elixiran a dous alumnos/as (como máximo) por agrupación.
- O alumnado seleccionado participará como solista nos concertos das agrupacións do centro no curso actual.

A Coruña, 11 de decembro de 2024